

O PORRIÑO*Anuncio de adxudicación definitiva*1.—*Entidade adxudicante:*

Concello do Porriño.
Número de expediente: 03/09
Financiación: Fondo Estatal de Inversión Local.

2.—*Obxecto do contrato.*

- a) Instalación da rede de saneamento, acometidas e capa de rodadura, camiño veciñal na parroquia de Pontellas, Outeiro, Sampaio
- b) Data de publicación adxudicación provisional no perfil do contratante do concello (www.contratosdegalicia.es): 1 de abril de 2009.

3.—*Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.*

Negociado sen publicidade.

4.—*Orzamento base da licitación*

Importe 185.522,49 € base imponible, máis 29.683,60 en concepto de IVE

5.—*Adxudicación definitiva:*

- a) Data: 20 de abril de 2009
- b) Contratista. COVSA, Construcións, Obras e Viais S.A.
- c) Nacionalidade: Española
- d) Importe da adxudicación: 185.522,49 € máis 29.683,60 € en concepto de IVE
- e) Prazo de execución: 3 meses.
- f) Valoración das melloras: 294,00 €.
- g) Número total de persoas a ocupar: 10 (dúas de nova contratación).

O Porriño, 21 de abril de 2009.—O Alcalde, Raúl Francés Rodríguez. **2009004857**

*Anuncio de adxudicación definitiva*1.—*Entidade adxudicante:*

Concello do Porriño.
Número de expediente: 08/09
Financiación: Fondo Estatal de Inversión Local.

2.—*Obxecto do contrato.*

- a) Mellora da seguridade vial N-120, N-550, Torneiros e parroquias
- b) Data de publicación adxudicación provisional no perfil do contratante do concello

(www.contratosdegalicia.es): 1 de abril de 2009.

3.—*Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.*

Negociado sen publicidade.

4.—*Orzamento base da licitación*

Importe 151.614,14 € base imponible, máis 24.258,26 en concepto de IVE.

5.—*Adxudicación definitiva:*

- a) Data: 21 de abril de 2009
- b) Contratista. Señalizaciones Lafuente S.L.
- c) Nacionalidade: Española
- d) Importe da adxudicación: 151.614,14 € máis 24.258,26 € en concepto de IVE.
- e) Prazo de execución: 3 meses
- f) Valoración das melloras: 2.510,35 ?.
- g) Número total de persoas a ocupar: 7 (unha de nova contratación).

O Porriño, 21 de abril de 2009.—O Alcalde, Raúl Francés Rodríguez. **2009004858**

* * *

REDONDELA**A N U N C I O**

No Boletín Oficial de Pontevedra de data 17.03.2009 publicouse anuncio polo que se expoñía ao público polo prazo de trinta días aos efectos de presentación de reclamacións e/ou suxerencias ao Regulamento da prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Redondela". Non se presentaron nin reclamacións nin suxerencias, polo que se eleva a definitivo o seu texto íntegro que se transcribe a continuación.

REGULAMENTO DA PRESTACIÓN DO SEVIZO DE AXUDA NO FOGAR*Artigo 1º.—Obxecto*

O obxecto do presente regulamento é a adaptación do Servizo Municipal de Axuda no Fogar as novas necesidades e organización do Concello de Redondela, respectando o establecido na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime local, a Lei 4/1993 de 14 de abril de Servizos Sociais, no Decreto 240/1995 do 28 de xullo que regula os Servizos Sociais de Atención Primaria, a Orde do 22 de xullo de 1996 da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar, e a Lei 39/2006 do 14 de decembro de Promoción da Autonomía Persoal e Atención as persoas en situación de dependencia e demais lexislación aplicable.

Artigo 2º.—Concepto

O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) é un programa enmarcado nos Servizos Sociais de Atención Primaria, inserta nun sistema integrado de Servizos Sociais de carácter complementario e transitorio que non exige a familia de responsabilidades, con planificación, coordinación e control público, que ofrece un conxunto de atencións dende unha perspectiva integral e normalizadora dentro do propio domicilio con carácter preventivo, educativo e rehabilitador, e que se presta a través de persoal especializado.

Artigo 3º.—Obxectivos

O obxectivo xeral do SAF é o de apoiar integralmente as persoas ou familias nas que se vexa limitada a súa autonomía ou en situación de desintegración familiar, facilitando a permanencia no seu propio entorno de convivencia así como a mellora da calidade de vida, co esforzo do propio usuario, da familia, veciños e amigos, dos servizos públicos e privados, dos voluntarios é dicir do esforzo da comunidade no seu conxunto para proporcionar o benestar desexable mantendo o maior grao de autonomía persoal mediante unha labor preventiva, asistencial e rehabilitadora, sen substituír ó usuario no que poida facer de por si, para non lle causar dependencia en lugar de autonomía, e sen reempazar á familia na súa responsabilidade senón, pola contra estimulando a atención desta cara ó usuario.

Artigo 4º.—Horario:

1.—Establécese como horario do Servizo de Axuda no Fogar, de luns a venres, de 8:00 a 21:00 horas, quedando excluídas as noites, os fins de semana, e xornadas festivas. O tempo de atención a cada usuario non será inferior a 8 horas mensuais, nin a 30 minutos diarios. O Servizo de Axuda no Fogar, non poderá cubrir situacións que requiran atención continuada todo o día, ben sexa por motivos médicos e/ou sociais. Salvo situacións puntualmente excepcionais, debidamente acreditadas no informe social, non poderá excederse de dúas horas do servizo ao día.

2.—A intensidade do servizo de axuda no fogar para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu programa individualizado de atención (PIA).

Artigo 5º.—Contido do servizo

1. De conformidade coa valoración técnica realizada polos servizos sociais, no marco do servizo de axuda no fogar poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

- a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

- Asistencia para levantarse e deitarse.
- Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- Supervisión, cando proceda, das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.
- Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espacio-temporal.
- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

- b) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:

- Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
- Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes.

- c) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- Preparación dos alimentos.
- Lavado e coidado das prendas de vestir.
- Coidados básicos da vivenda.

Este tipo de atención poderá ser facilitado en parte, se é o caso, por programas específicos de lavandería ou alimentación a domicilio.

- d) Atencións de carácter psicosocial e educativo: intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, a afectividade, a convivencia e a integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2. Con carácter complementario o servizo de axuda no fogar poderá incorporar, entre outros os seguintes tipos de atención:

- a) Actividades de acompañamento, socialización, e desenvolvemento de hábitos saudables.
- b) Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.
- c) Adaptacións funcionais do fogar.
- d) Servizo de podoloxía.
- e) Servizo de fisioterapia.

3. Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo,

incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e a calidade de vida.

4. En todo caso as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

5. En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

Artigo 6º.—Persoas destinatarias.

1.—O servizo de axuda no fogar estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia residentes no Concello de Redondela para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención.

2.—Darase prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

3.—Sen prexuízo dos criterios de carácter xeral establecidos nesta orde, as ordenanzas municipais reguladoras do servizo establecerán os sistemas de acceso por libre concorrencia ao servizo de axuda no fogar, en tanto que prestación básica do sistema de servizos sociais, para situacións diferentes á contemplada no apartado anterior.

Aos beneficiarios do servizo que no momento da solicitude ou no transcurso do servizo se valore que, para cubrir a súa necesidade, o recurso axeitado sexa un Centro de Día ou unha Residencia, tanto na modalidade de válidos como de asistidos, quedan condicionados a xestionar dito recurso nun período de tres meses, salvo aqueles no que algún familiar ou persoa achegada se comprometa por escrito (Anexo IX) a asumir o coidado do usuario nas horas non cubertas polo servizo de Axuda no Fogar.

Artigo 7º.—Requisitos

Son requisitos xerais para ter acceso ó servizo:

1. Estar empadroadado e residir no termino municipal de Redondela
2. Non percibir servizo nin prestación doutra institución ou entidade para a mesma finalidade (SAF) ou de selo caso optar pola que considere o beneficiario.
3. Atoparse nalgún dos seguintes supostos:
 - Estar incapacitado para a realización das tarefas para as que demanda o servizo acreditado segundo o informe médico (anexo IV)
 - Estar valorado como dependente pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (Xunta de Galicia) en calquera dos seus graos según a disposición final primeira da

Lei 39/2006 de 14 de decembro de promoción a autonomía persoal e atención das persoas en situación de dependencia.

- Estar incluído nalgún programa de intervención social dos servizos sociais de atención primaria municipais.

4. Que o recurso sexa valorado como idóneo polo/a traballador/a social de Atención Primaria.

Artigo 8º.—Modalidades de acceso ao servizo.

Acceso o servizo producirase a través dos Servizos Sociais de Atención Primaria, de acordo coas seguintes modalidades:

1. Acceso ao servizo será directo para persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte o establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, así como á Orde do 17 de decembro de 2007 pola que se establecen os criterios para a elaboración do programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestións das prestacións económicas.

2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non lles asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación do sistema, o acceso ao servizo, previa prescrición técnica favorable dos servizos sociais de atención primaria, resolverase en réxime de libre concorrencia de acordo cos criterios establecidos nesta Ordenanza Municipal.

1. De igual maneira á expresada no apartado anterior procederase nas situacións nas que a problemática principal estea relacionada con aspectos convivencias e socio-educativos.

2. Nos supostos recollidos nos apartados 2 e 3 deste artigo empregarse un baremo no que, ademais dos posibles déficits de autonomía, se valoren factores de carácter persoal e socio-familiar, o apoio social, a situación da vivenda e outros que dificulten obxectivamente a normalización social e a calidade de vida. Según baremo de esta ordenanza.

Artigo 9º.—Procedemento de acceso o servizo e documentación

A solicitude para acceder o Servizo Municipal de Axuda no Fogar poderá ter lugar a instancia de parte ou ben de oficio a proposta dos Servizos Sociais.

As solicitudes formalizaranse por escrito, no modelo oficial que se facilitara nas dependencias de Servizos Sociais (Anexo I), á cal se achegará a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI, pasaporte, tarxeta de residencia do solicitante e familiares cos que conviva.
- Tarxeta da Seguridade Social da persoa solicitante
- Certificado de empadramento e convivencia
- Informe médico segundo o modelo que se facilita no Departamento de Servizos Sociais (Anexo IV)
- Xustificante de ingresos da unidade de convivencia:

Declaración da renda ou de non facela certificado negativo do IRPF

Xustificantes de pensións, prestacións ou rendas de traballo (INEM, INSS, nómina), alugueres

Contrato de arrendamento da vivenda, recibos do préstamo hipotecario

Certificados de rendementos do capital mobiliario

Recibos catastrais

Calquera outro documento que se considere necesario para a baremación da solicitude

A Administración Municipal poderá dispoñer que se efectúen as comprobacións oportunas sobre a veracidade dos datos aportados polos interesados. Igualmente poderá reclamar as aclaracións por escrito e a documentación necesaria co fin de garantir a correcta cumplimentación do expediente.

Artigo 10º.—Tramitación

1. Recibida a solicitude xunto coa documentación correspondente, o persoal responsábel do servizo de axuda no fogar procederá a comprobar os datos aportados e que a solicitude reúna os requisitos establecidos no presente regulamento comunicando ó solicitante que nun prazo de 10 días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que si non o fixera así, de acordo co artigo 71.1º da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, se terá por desistido da súa petición.

2. Unha vez completados os expedientes e realizada a visita domiciliar así coma as entrevistas necesarias, elaborase o informe-proposta (Anexos II e III), no que se recollera:

- Proposta de concesión/denegación
- Causas de denegación no seu caso
- Puntuación total acadada
- Tarefas a realizar
- Horario aproximado do servizo, duración e intensidade do servizo
- Aportación económica do beneficiario ou familia.

- Data de alta.
- Observacións no seu caso.

3. A resolución sobre a concesión ou denegación do servizo corresponde o Alcalde ou Concelleiro Delegado a proposta do/a Traballador/ora Social do Departamento de Servizo Sociais.

4. Notificación por escrito da resolución e condicións do servizo o interesado.

5. Aceptación por escrito das condicións en que se prestara o servizo, as obrigas e motivos de extinción, por parte do interesado, traballador/ora social municipal e traballador/ora social da empresa xestora.

6. Notificar a alta do usuario a empresa adxudicataria e esta designará o/a auxiliar do servizo

7. No caso de que non poidan atenderse todas as demandas, poderase elaborar unha lista de espera, dende a que se accederá o servizo por orden de puntuación según a aplicación do baremo de puntuación total. Ante a mesma puntuación terá prioridade o expediente coa renda mais baixa.

Este procedemento poderá abreviarse cando unha situación recibida a consideración de urxente, sendo esta a que requira unha resposta inmediata a unha situación excepcional.

Artigo 11º.—Profesionais

1. Traballadores sociais dos Servizos Sociais de Atención Primaria, ós que corresponde as funcións de:

- Programación xeral do servizo.
- A difusión e información sobre o servizo.
- Recibir a solicitude, realizar o estudo, diagnóstico, baremación e informe de resolución.
- Sinalar os obxectivos da intervención e realizar informe de derivación o/a traballado/ra social da entidade que xestiona o servizo.
- Coordinación e avaliación continua dos casos co traballador/a social da empresa ou entidade adxudicataria do servizo.
- Propor as altas, baixas ou suspensións do servizo.

2. Traballadores/as Sociais da empresa ou entidade adxudicataria, os que lle corresponde as funcións de:

- Planear a estratexia a seguir, asignar auxiliares do fogar mais axeitadas a cada beneficiario.
- Facer o seguimento individualizado dos casos con visitas domiciliarias frecuentes.
- Presentar mensualmente os informes de seguimento, nos que constaran as incidencias mais significativas, así como posibles causas de suspensión do servizo.

- Manter reunións periódicas co/a Traballadora/a Social do Concello.
 - Reforzar a formación e reciclaxe continua das auxiliares do SAF.
3. Auxiliares de axuda no fogar, lles corresponden:
- Asistencias de atención persoal e doméstico deseñados no proxecto de intervención.
 - Facer o usuario participe do seu proceso de vida e non substituílo naquelas funcións que poida desenrolar por si mesmo.
 - Educativas sobre habilidades sociais básicas.
 - De colaboración co traballador/ora social no seguimento e avaliación.
 - Favorecer o apoio social ós usuarios facilitando e fomentando o contacto co exterior.
4. Outros profesionais: educador familiar, psicólogo, animador socio-cultural, persoal sanitario, voluntarios, etc que intervirán en casos concretos cunha programación específica, elaborada o efecto con mención dos obxectivos, metodoloxía e sistemas de avaliación en equipo.

Artigo 12º.—Dereitos das persoas usuarias.

As persoas usuarias do servizo, ademais dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen no artigo 36 da Lei 4/1993, de servizos sociais, terán dereito:

1. A seren tratadas co respecto debido á súa dignidade.
2. A recibiren unha atención adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso.
3. A coñeceren a organización e o regulamento do servizo.
4. Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
5. A recibiren información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.
6. A presentaren queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.

Artigo 13º.—Deberes das persoas usuarias.

As persoas usuarias, ademais dos deberes que con carácter xeral se contemplan no artigo 37 da lei 4/1993, de servizos sociais, terán os seguintes deberes:

- 1.—Cumprir coas condicións do servizo, facilitando a execución das tarefas ao persoal ao cargo e poñendo á súa disposición, se fose o caso, os medios materiais necesarios.

- 2.—Colaborar no desenvolvemento do servizo en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.

- 3.—Respectar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respetar os límites das súas obrigas laborais.

- 4.—Informar dos cambios de calquera circunstancia persoal, familiar ou económica que puidese dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.

- 5.—Participar no pagamento do servizo nos termos que se estableza na súa norma reguladora.

- 6.—A comunicar con dez días de antelación calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo.

- 7.—Facilitar tódolos materiais e medios necesarios para a realización das tarefas asignadas.

- 8.—Permanecer no domicilio mentres se lle preste o servizo.

Artigo 14º.—Deberes do persoal do Servizo de Axuda no Fogar

- 1.—Observar un trato respectuoso cara ó usuario, evitando que a confianza con este e a súa familia interfira no traballo.

- 2.—Respetar a intimidade do usuario e gardar a debida confidencialidade.

- 3.—A auxiliar non debe facer participe ós usuarios e a familia deste, dos seus propios problemas, separando todo o posible a súa vida privada do seu traballo.

- 4.—Respetar integramente o horario e as tarefas establecidas e non realizar cambio algún sen previa autorización do responsábel.

- 5.—Non prestar servizo a outros membros da familia distinta dos beneficiarios, aínda que convivan na mesma casa, sen prexuízo de propor o departamento de Servizos Sociais as medidas que estime oportunas cando aqueles sexan persoas con discapacidade.

- 6.—Avisar os usuarios das súas ausencias coa debida antelación, trala autorización do xefe do persoal e a comunicación ó responsábel do servizo.

- 7.—Non acudir o traballo acompañadas de persoas alleas ó servizo.

- 8.—Non recibir en custodia, en ningún caso, diñeiro, xoias nin obxecto algún.

- 9.—Non recibir ningún tipo de prestación, agasallos ou gratificación por parte do usuario.

- 10.—Non dispoñer das chaves de ningún domicilio, agás cando as condicións do caso así o esixan a demanda do usuario e sempre con consentimento do responsábel técnico do servizo.

Artigo 15º.—Causas de extinción e modificación do servizo.

1.—Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar, as seguintes:

- A renuncia da persoas usuaria.
- O cambio de programa individual de atención ou de proxecto de intervención que implique o cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
- Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
- Falecemento da persoa usuaria.
- Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
- A falta de pagamento do servizo.
- Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

2.—Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo, poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente.

3.—Cando se trate dun servizo asignado pola administración, a extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo requirirá resolución do órgano competente para concedelo, previa tramitación do correspondente expediente, no que se dará audiencia, cando proceda, á persoa interesada.

Artigo 16º.—Causas de suspensión temporal do servizo.

Son causas de suspensión temporal do servizo, previo informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

1.—Ausencia temporal do domicilio: Neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses, debendo acreditar a persoas usuaria as causas que motivan a súa ausencia.

2.—Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: Poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía a atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na normativa reguladora.

Artigo 17º.—Baremos:

Baremación do SAF:

Se a solicitude presentada cumpre os requisitos sinalados, o/a Traballador/a Social de Servizos Sociais do concello fará unha valoración e sinalará unha puntuación segundo o baremo.

Teranse en conta os seguintes baremos, de acordo cos seguintes grupos:

1. Baremo de dependencia (Anexo V). Problemática física e/ou deterioro psíquico. Dificultades en relación á autonomía persoal: alimentación, aseo persoal, vestido, uso do retrete, incontinencia (urinaria e fecal), mobilidade. A Puntuación máxima é de 15 puntos.

a) Persoas que son consideradas independentes para os actos da vida diaria aínda que teñan algunha limitación e se axuden de bastón ou muletas, realizan os actos sos.

- Pode comer de forma autónoma; 0,50 puntos.
- Realiza só a súa hixiene persoal, de forma autónoma: 0,50 puntos.
- Vístese e cálzase totalmente de forma autónoma: 0,50 puntos.
- Manéxase só no uso do retrete: 0,50 puntos .
- Control total de esfínteres: 0,50 puntos .
- Camiña só, con muletas ou bastón. Déitase, erguese da cama só. Sube, baixa escaleiras; 0,50 puntos.

b) Persoas que precisan de axuda ou supervisión para os actos da vida diaria.

- Precisa de axuda para a utilización de cubertos e demais utensilios...; 1,50 puntos.
- Precisa algo de axuda para realizar a súa hixiene persoal: 1,50 puntos.
- Precisa axuda parcial/supervisión para vestirse e calzarse: 1,50 puntos.
- Precisa axuda parcial/supervisión para o uso do retrete: 1,50 puntos.
- Incontinencia ocasional/temporal, precisa de sonda/colector: 1,50 puntos.
- Necesita axuda parcial/supervisión para esa función: 1,50 puntos.

c) Persoas que non poden realizar as actividades da vida diaria por si sos, son dependentes de outras persoas.

- Necesita ser alimentado: 2,50 puntos.
- Non é capaz de asearse só, aínda que tivese algunha axuda: 2,50 puntos.
- Precisa que o vistan e o calcen: 2,50 puntos.
- É incapaz de manexarse no uso do retrete: 2,50 puntos.
- Incontinencia total: 2,50 puntos.
- Precisa de axuda total para desprazarse e mobilizarse: 2,50 puntos.

2. Situación da unidade convivencial. (Anexo VI). A Puntuación máxima é de 15 puntos.

- a) Persoas que conviven con persoas válidas; 1 punto.
- b) Persoas que poden ser atendidos por familiares ou veciños, resultando esta atención insuficiente, ben por falla de compromiso, excesiva carga, ou dificultades de organización, ou

que o usuario rexeite esta axuda por vontade propia, aínda que o rexeitamento non sexa xustificado; 5 puntos.

- c) Persoas que poden ser atendidos por familiares e/ou veciños de forma ocasional ou en caso de emerxencia; 10 puntos.
- d) Persoas que viven soas e non teñen familiares ou veciños que se ocupen delas, ou non vivindo soas, viven con persoas con graves dificultades físicas e/ou psíquicas, ou que sen telas, non poden por idade ou circunstancias atender debidamente ao usuario. Neste apartado inclúiranse tamén aquelas situacións nas que as relacións familiares no existan ou sexan moi conflitivas; 15 puntos.

3. Baremo de situación económica (Anexo VII). A puntuación máxima é de 10 puntos.

Consideraranse os ingresos económicos de toda a unidade de convivencia, entendendo por esta, as persoas que conviven no mesmo domicilio, teñan ou non parentesco.

A efectos do baremo económico considerase a renda per capita:

- Nos casos que non teñan obriga de facela Declaración da Renda, a cantidade resultante da suma e tódolos ingresos mensuais do núcleo de convivencia, máis a doceava parte do tanto por cento establecido por Facenda como rendemento do capital inmobiliario do valor catastral dos bens inmoebles rústicos e urbanos.
- Nos casos que si realicen a Declaración da Renda, considéranse ingresos mensuais o resultante de dividir entre doce a base imponible suxeita a gravamen, máis todos aqueles ingresos que non queden recollidos en dita declaración.
- Restándolle, en ámbolos casos, os gastos fixos de aluger ou amortización da vivenda.
- Todo isto dividido entre o número de membros do núcleo de convivencia, excepto no caso de vivir só o beneficiario, que se dividirá entre 1,5.

Cando o solicitante teña recoñecido grado de dependencia, entederase por unidade familiar para o cálculo da cuota a pagar (non para a baremación do expediente), soamente a formada polo solicitante.

En situacións familiares moi conflitivas, segundo valoración acreditada no informe social, de xeito excepcional, só se terá en conta a economía do usuario.

Pártese do Indicador Público de Rendidas de Efectos Múltiples (IPREM). Esta cifra revalorízase cada ano (no ano 2.008 é de 516,90 €/mes).

Artigo 18º.—Custe.

O servizo de Axuda no Fogar será gratuíto ou cofinanciado segundo o establecido na correspondente Ordenanza Fiscal.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

As persoas beneficiarias dos servizos na actualidade, disporán dun prazo de tres meses a contar dende a entrada en vigor do presente Regulamento para presentar a documentación necesaria de conformidade co establecido no artigo 9 da mesma, a efectos de valorar o prezo público que puidera corresponderlles abonar.

Unha vez presentada a documentación citada, o Concello emitirá proposta de resolución nun prazo máximo de dous meses, que determinará, no seu caso, o importe a abonar por cada usuario do servizo de acordo coa ordenanza reguladora. Dita proposta de resolución será notificada aos interesados para que nun prazo de quince días manifesten por escrito a súa aceptación. No caso contrario se ditiara resolución de extinción no servizo procedendo ao arquivo do expediente.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Queda derogado o anterior regulamento, aprobado polo Concello pleno en sesión de 11 de decembro de 1995 e publicado no B.O.P. de 8 de abril de 1996.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor aos quince días hábiles da súa publicación do texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, segundo os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Redondela, 27 de abril de 2009.—O Concelleiro Delegado de Servizos Sociais e Igualdade (Delegación BOP núm. 146, do 30 de xullo de 2007), Xosé Pazos Docampo.

2009004862

A N U N C I O

Intentada a notificación a través do servizo de correos a don Emilio José Soto Bemposta, para persoarse no expediente que se lle instrúe en relación coa baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes. Ignorándose o seu actual paradiro, realízase a presente notificación conforme prevé o art. 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, así como a Resolución do 1 de abril de 1997 da Presidencia do Instituto Nacional de Estatística e do Director Xeral de Cooperación Territorial pola que se ditan instrucións técnicas aos concellos sobre a xestión e revisión do Padrón de Habitantes, para que no prazo

de 15 días aleguen, por escrito, o que estimen máis conveniente na defensa dos seus intereses.

Redondela, 29 de abril de 2009.—O Alcalde,
Xaime Rei Barreiro. **2009005075**

Bases reguladoras de concesión de subvencións as asociacións veciñais do Concello de Redondela para equipamento e realización de actividades, ano 2009.

PRIMEIRA. OBXECTO

O Concello de Redondela é consciente da importancia que ten o movemento asociativo para a dinamización da vida do noso municipio e tamén da escasez de medios cos que as asociacións veciñais levan a cabo o seu traballo. Por isto estas subvencións teñen como obxectivo conceder axudas ás asociacións veciñais do Concello de Redondela para adquisición de equipamento e realización de actividades.

SEGUNDA. DOTACIÓN ORZAMENTARIA

O crédito global que se dispón para o outorgamento das subvencións a conceder será de 15.000,00 euros con cargo á partida 094631A 48900 do orzamento vixente.

TERCEIRA. CONTÍA, LÍMITE DAS SUBVENCIÓNS E COMPATIBILIDADE CON OUTRAS

A contía da subvención estará en función do custo do equipamento a adquirir e das actividades a realizar.

En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custe total do equipamento adquirido ou das actividades a desenvolver polas asociacións veciñais.

A obtención doutras axudas ou subvencións para a mesma finalidade deberá comunicarse á Concellaría de Participación Cidadá tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación.

CUARTA. REQUISITOS

As asociacións veciñais para poder ser beneficiarias desta subvención será preciso:

- Non estar incursoas en ningunha das prohibicións recollidas nos parágrafos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Que a asociación veciñal solicitante estea inscrita no Rexistro de Asociacións do Concello.

- Que se teña entre os fins da entidade a realización das actividades para as que se solicita a subvención.
- Estar ao correnle coa Recadación Municipal.

QUINTA. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As asociacións veciñais interesadas formalizarán a súa solicitude en modelo de instancia no Rexistro Xeral do Concello no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da provincia acompañandoa cos documentos seguintes:

- Fotocopia da Tarxeta de Identificación Fiscal da Asociación.
- Memoria xustificativa das actividades a realizar.
- Declaración de ingresos previstos por calquera concepto.
- Declaración xurada da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as obras subvencionadas.
- Memoria das actividades realizadas pola asociación.
- Orzamento da actividade ou do equipamento que se pretende adquirir.
- Certificado actualizado do número de conta bancaria.
- Certificado de non ser debedor da Facenda Municipal.
- Declaración na que se faga constar que a asociación non está comprendida nas prohibicións recollidas nos parágrafos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Se o escrito de solicitude non reunise os datos de identificación ou calquera dos previstos no artigo 70 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, requirirase ao interesado para que no prazo de 10 días hábiles, enmende as fallas ou achege os documentos preceptivos, indicando que, no caso de non o facer, terase desistido da súa pretensión, acordando o arquivo da súa solicitude.

SEXTA. CRITERIOS OBXECTIVOS

Para adxudicar e fixar a contía das axudas teranse en conta os seguintes criterios:

- Interese social das actividades solicitadas: 3 puntos.
- Necesidade do equipamento que se solicita: 3 puntos.
- Ámbito e poboación sobre os que a asociación ten incidencia: 2 puntos.